

ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, faise saber que o alcalde ditou a seguinte

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

TENDO EN CONTA que o Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 26.06.2023, acordou celebrar sesións ordinarias cunha periodicidade bimensual; que aquelas terán lugar os derradeiros xoves de cada mes, ás 19:00 horas; agás os plenos a celebrar o mes de xullo que se celebrarán ás 9:30 horas e que se ese día cadra en festivo, a sesión se trasladará á véspera, celebrándose o primeiro pleno ordinario o último xoves hábil do mes de setembro do ano 2023

TENDO EN CONTA todo o sinalado e pola competencia que me atribúe o artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local pola presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión ORDINARIA do Pleno do Concello para o:

Día: 30/11/2023

Hora: 19:00 h. a 1.^a convocatoria e ás 19:00 h. a 2.^a, dous días despois

Lugar: salón de sesións da Casa do Concello.

Orde do día:

I PARTE RESOLUTORIA

1.- Aprobación de actas do Pleno do Concello.

1.1.-Acta da sesión ordinaria do 28/09/2023. Acta 11/2023.

1.2.-Acta da sesión extraordinaria do 30/10/2023. Acta 12/2023.

2.- Aprobar se procede a modificación do uso da parcela 8 do proxecto de compensación do polígono 1 da área de reparto AR-Sector-Nº1, denominada “Río Carboeiro 1”, do Plan Xeral de Ordenación Municipal del Concello de Oroso

3.-Aprobar se procede o expediente 2023/G006/000123 de recoñecemento extraxudicial 4/2023.

4.- Aprobar se procede a modificación do saldo inicial de compromisos de ingreso correspondentes á agrupación de exercicios pechados. (Exp. 2023/X999/000650).

5.-Aprobar se procede a modificación do saldo inicial de dereitos pendentes de cobro correspondentes á agrupación de exercicios pechados (Expo. 2023/X999/000651).

II PARTE DE CONTROL

6.- Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditadas que van desde a nº 1274/2023 do 22/09 ata a 1619/2023 do 24/11.

7.-Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 22/09/2023 ata o 24/11/2023.

8.-Dación de conta da execución trimestral correspondente ao terceiro trimestre de 2023 (EXP. 2023/X999/000555).

9.-Dación de conta do informe de morosidade correspondente ao terceiro trimestre de 2023 (EXP. 2023/X999/000561).

10.-Dación de conta do período medio de pago correspondente ao terceiro trimestre de 2023 (EXP. 2023/X999/000562).

11.-Dación de conta do informe do coste efectivo dos ser vizos do ano 2022 (EXP. 2023/X998/000176).

12.-Dación de conta do informe de incidencias relativo á rendición da Conta Xeral correspondente ao ano 2022 (EXP. 2023/X999/000458).

13.- Mocións dos Grupos municipais.

14.- Rogos e preguntas.

SEGUNDO. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da Corporación, REMITÍNDOLLES minuta das actas que se levan a aprobación e unha copia das propostas de acordo dos asuntos incluídos na orde do día, así como unha relación dos decretos dos que se da conta e dos reparos de intervención, poñendo a súa disposición os antecedentes daqueles na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

TERCEIRO. PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.orosogal.com/proc/ver/ver.html>) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso asinado dixitalmente polo secretario.
Federico Suárez Cancelo.